

Pleno do Consello Escolar Municipal de Vigo

ACTA

Acta aprobada na sesión plenaria do día 28/06/2012

Data	16/02/2012
Lugar	Salón de Actos do Instituto Municipal de Educación (IME), Camiño do Chouzo -Vigo.
Inicio da xuntanza	18:10h (2ª convocatoria) Fin da xuntanza 20:10
Asisten	<ul style="list-style-type: none"> •Presidenta, Raquel Díaz Vázquez •Vicepresidente, Xan F. Centrón Montero •Secretario, Pedro Mª Vázquez Iglesias •Representante da Administración Educativa, Gonzalo Fernández Fernández - Sector docente: <ul style="list-style-type: none"> •Santiago Rodríguez Sánchez •Tereixa Otero Dacosta •Xesús Rodríguez Amil •Pedro Nozal Cantarero •Rafael Dominguez de la Iglesia •Isabel López Lorenzo •Antonio Madrid Risquez - Sector usuarios/as: <ul style="list-style-type: none"> •Iago Fernández Fonseca •Mª Bertila Fernández Pérez •José F. Rodríguez Pérez •María Dolores Iranzo Simo - Sector social: <ul style="list-style-type: none"> •Manuel Rodríguez González •Mª Olga Alonso Suárez •Cipriano Luis Jiménez Casas •Francisco Piñeiro Lorenzo
Escusan asistencia	<ul style="list-style-type: none"> •Sector docente: Mª Carmen Lorenzo Vila •Sector usuarios/as: Beatriz Blanco Bastos •Sector usuarios/as: Mª Cristina de la Calle Rodríguez •Sector usuarios/as: Julia Fernández Casado •Sector usuarios/as: Cynthia B. Pereira Romero •Sector usuarios/as: Silvana Mª Moscoso Pérez •Sector social: Joaquín Pereira Somoza •Sector social: José Antonio Fernández Rodríguez
Non asisten	<ul style="list-style-type: none"> •Sector docente: Adolfo Gálvez Pazos •Sector docente: Marina Pérez Costas •Sector usuarios/as: Juan José Piñeiro Martínez •Sector social: Ángeles Arias Miño •Sector social: Consuelo Martínez García •Sector social: Rodrigo Romaní Blanco
Servizo de Educación e Asistencia Técnica	Ana Isabel Castro Davila(Asistencia técnica, regulada no artigo 9.2 do Regulamento de organización e funcionamento do CEMV).

Orde do día

- 1.Lectura e aprobación da Acta Anterior, se procede.
- 2.Informe da Presidenta do CEMV.
- 3.Informes das Comisións de traballo
- 4.Propostas e Mocións.
 - Proposta sobre a elaboración do mapa escolar da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa
- 5.Rogos e preguntas.

Intervencións realizadas e acordos adoptados

1.- Lectura e aprobación da acta anterior, se procede.

A Presidenta pregunta se algún dos presentes quere facer algunha modificación á acta da sesión anterior. Non sendo así procédese á votación.

Acordos adoptados

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior.

2.- Informe da Presidenta do CEMV.

A Presidenta procede a informar das seguintes cuestións:

- **Renovación cargos.**

Comunicase o cambio na secretaría do CEMV. A partir de agora Pedro M^a Vázquez Iglesias, como Xefe de Servizo de Educación, substituirá a Rafael Ojea.

No sector docente, a presidenta dá conta dos cambios nos representantes de UGT. Así Isabel López Lorenzo pasa a ocupar o cargo de Jesús Antonio Camino Soutullo e Rafael Domínguez de la Iglesia pasa a ocupar o cargo de María López Bolaño.

- Rede **Escolas Infantís Municipais** 0-3 anos (REIM): Aumento dun 60% de capacidade na súa oferta de prazas.

<u>Situación REIM</u>	<u>Equipamentos 0-3 anos</u>	<u>Oferta Prazas</u>
<u>En funcionamento 4 escolas 2011</u>	EIM. Sta. Cristina Lavadores / EIM Atalaia Teis / EIM Santa Marta Casco Vello / EIM Costeira Saiáns	<u>328</u>
<u>Inminente apertura 2 escolas 2012</u>	EIM Tomás Alonso / EIM Casiano Martínez Bouzas	<u>164</u>
<u>Previsión Proxectos 4 novas escolas</u>	EIM Mestres Goldar / EIM Lavadores / EIM Navia / EIM Martínez Garrido Doblada	<u>328</u>
<u>10 Escolas Infantís</u>		<u>820</u>

Os dous equipamentos municipais de Tomás Alonso e Bouzas, teñen rematado as obras de adaptación á normativa legal vixente, esixidas pola Consellería de Traballo e Benestar Social, están dotadas do mobiliario básico de funcionamento e as súas cociñas equipadas.

Estase pendente de previa inspección da Consellería, recibir a licenza de inicio da actividade, e unha vez aprobados os orzamentos municipais do 2012 (agora están prorrogados), xestionar o contrato maior de servizos para a adxudicación do servizo.

- **Comedores Escolares:**

O Concello a pesares de non ter a obriga competencial, ten actuado na construción, reforma e ampliación de 13 comedores escolares no período 2007- 2011 cun investimento de 385.997,13.-€: C

Por parte da Xunta comprometeu actuación en 5 comedores sendo a situación a seguinte: Ceip Teis Frián e Ceip Balaídos obras rematadas, obras recentemente iniciadas no Ceip Pintor Laxeiro, figuran 200.000.-€ en orzamentos 2012 para reformas no Ceip Pombal e sen novas do proceso de licitación, e respecto do comedor do Ceip “Illas Cíes” a xerencia municipal do Concello de Vigo ten tramitado recentemente a concesión da licenza de obra solicitada pola Xunta. Cómpre que as actuacións nestes últimos centros estén rematadas á maior brevidade posible.

- **Inspeccións Técnicas de Edificacións** (consulta sobre as ITES **dos centros concertados** a petición da Comisión de equipamentos e planificación educativa)

A modificación da ordenanza municipal reguladora das ITES, foi publicada no BOP o 17/11/2010, entrando en vigor o 01/01/2011. Nela regúlase a obriga formal dos propietarios das edificacións de acreditar o cumprimento do deber de conservación, concretado no mantemento das condicións básicas de seguridade, estabilidade, estanquidade, consolidación estrutural e condicións de protección e de seguridade no caso de incendio, así como as de habitabilidade, en función do destino propio da edificación e das condicións no momento de obter a licenza. Consonte a esta ordenanza, é obriga dos propietarios, persoas físicas e xurídicas, titulares dos

centros escolares privados-concertados, situados no termo municipal de Vigo; de acreditar o cumprimento do deber de conservación que se verifica mediante a obtención e a cargo do propietario, do informe expedido por técnico facultativo competente que o mesmo designe.

Durante o ano 2011 terían que ter presentado dito informe sobre os centros educativos construídos entre 1970 e 1980, e durante este ano 2012 sobre os centros escolares construídos no ano 1981. Este informe debe renovarse periodicamente cada 10 anos e como idade da edificación, a efectos desta ordenanza se pode considerar: o certificado final de obra, a licenza de 1ª ocupación, a comunicación do Concello do remate das obras, o no seu defecto calquera proba admitida en dereito.

- **Uso instalacións deportivas do IMD** (consulta a petición da Comisión comisión de equipamentos e planificación educativa)

A ordenanza fiscal 2012 regula o uso das instalacións deportivas municipais pertencentes ao IMD, e contempla explicitamente que se atopan exentos do pagamento de prezo público, entre outros, aqueles centros públicos escolares que carezan de instalacións deportivas suficientes e demanden a utilización de instalacións deportivas do IMD para a realización de actividades docentes de Educación Física. Para elo, cómpre a autorización expresa do Presidente do Consello de Administración do IMD, e a sinatura dun convenio de colaboración expreso entre ambas partes, que deberá ser ratificado polo devandito Consello de Admón.

Tamén están exentos de pagamento os clubs de fútbol asinantes de convenios, e aquel alumnado de escolas deportivas que cumpra determinados requisitos.

1. Guías centros de ensino formato dixital

Estamos a traballar nunha publicación baseada na tecnoloxía dixital, tendo en conta o potencial innovador e transformador das TICs (tecnoloxías da información e comunicación) na escola, como peza clave nun sistema educativo que realmente quere formar para o futuro. Agardamos que este novo soporte web sexa un recurso ou aplicación práctica motivadora para os docentes, discentes e familias, e contribúa a converter os nosos centros escolares en institucións educativas abertas á formación dixital como factor de evolución e innovación esenciais.

Inicialmente o sitio web "**www.escolasvigo.org**" aloxa a citada guía cos contidos recollidos nas fichas descritivas (datos contacto, oferta educativa, equipamento e instalacións) dos centros educativos e publicados na edición anterior 2011/2012, así como espazos específicos para novas propias de cada escola, galerías de fotografías e vídeos a través de "youtube" e ubicación con mapas de "googlemaps". O xestor de contidos desta ferramenta web será de acceso privado e para elo, un administrador global contratado polo servizo municipal de educación, poderá modificar os contidos e creará contas de acceso privado para que cada centro educativo individualmente, e seguindo un protocolo e manual de uso preciso indicado polo administrador web, poida xestionar o seu contido propio e actualizar e modificar a

información do centro escolar. Para calquera consulta adicional, estará dispoñible o E-mail:

info@escolasvigo.org

Pedro M^a Vázquez pasa a facer unha explicación desta nova aplicación .

3.- Informes das Comisións de traballo

Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa.

Manuel Rodríguez González, membro da Comisión Pedagóxica, substitúe á Presidenta desta Comisión e presenta o informe no que se dá conta do traballo que se está a desempeñar:

A Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa centrou a súa actividade no que vai de curso na organización das Xornadas de Convivencia Escolar. O esbozo do programa é o que segue:

Venres 4 de maio	
16:00h	Acreditacións
16:30h-17:00h	ACTO INAUGURAL con presenza institucional
17:00h-18:30h	CONFERENCIA INAUGURAL: Javier Urra e rolda de preguntas
18:30-19:00	DESCANSO
19:00-19:30	CONFERENCIA: Historia e andares do programa "Aprender a Convivir". Experiencia do I.E.S. de Teis. Participación de Fernando Carrasco xunto cun responsable do Servizo de Educación del Concello de Vigo.
19:30-20:30	EXPOSICIÓN de experiencias de boas prácticas recollidas polo CEMV en materia de convivencia en diferentes Centros Educativos. (1ª Parte)
Sábado 5 de maio	
9:30h-10:30h	EXPOSICIÓN de experiencias de boas prácticas recollidas polo CEMV en materia de convivencia en diferentes Centros Educativos. (2ª Parte)
10:30h-11:30h.	MESA REDONDA: "Cara a un Plan de Convivencia Municipal. Unha visión compartida" (1ª Parte) Interveñen: •Movementos de renovación pedagóxica •Cruz Vermella •Plan comunitario de Teis
11:30h-12:00	DESCANSO
12:00h-13:00h.	MESA REDONDA: "Cara a un Plan de Convivencia Municipal. Unha visión compartida" (2ª Parte) Interveñen: •Servizos de Seguridade (Policía Nacional) •Servizos Sociais do Concello de Vigo •Punto de información xuvenil ?
13:00-13:30	CONCLUSIÓN E ACTO DE CLAUSURA
13:30	Entrega de diplomas

Espazo para a celebración:

Inicialmente falouse de realizar as xornadas no Auditorio Mar de Vigo, pero despois de analizar o espazo consideramos que non é o máis axeitado. Neste momento estase a barallar a posibilidade de celebralas no auditorio dalgún Centro Educativo. Falase do IES Santa Irene, cun parainfo con 250 prazas como unha posible opción.

Exposición de experiencias de boas prácticas recollidas polo CEMV en materia de convivencia en diferentes Centros Educativos

Os centros que contestaron positivamente á petición que se fixo durante o curso pasado solicitando que enviasen as súas boas prácticas en materia de convivencia, terán a oportunidade de facer unha breve exposición da súa experiencia durante as xornadas. Enviaron os formularios de boas prácticas e que teñen confirmada a súa participación os seguintes centros:

- CEIP IGREXA CANDEÁN
- CEIP MOSTEIRO BEMBRIVE
- CEIP PINTOR LAXEIRO
- CPR MONTERREY
- CPR SANTA CRISTINA
- CPR NUESTRA SEÑORA DE LA ESPERANZA

- EEI MONTE ALBA
- EEI RÚA ARAGÓN

Están pendentes de confirmar a participación:

- CPR MENDIÑO
- CEIP FRIÁNS TEIS

FOANPAS manifestou o seu interese por presentar unha experiencia de boa práctica en temas de convivencia. Estamos pendentes de recibila.

MESA REDONDA: "Cara a un Plan de Convivencia Municipal. Unha visión compartida": Nesta mesa redonda participarán diferentes entidades e axentes sociais claves para debater cal sería o punto de arranque dun Plan de Convivencia Municipal. Convidouse aos seguintes entes que responderon positivamente:

- Movementos de renovación pedagóxica
- Cruz Vermella
- Plan comunitario de Teis
- Servizos de Seguridade (Policía Nacional)
- Servizos Sociais do Concello de Vigo

Tamén se convidou á Fiscalía de menores de Pontevedra pero declinaron a invitación aducindo falta de tempo para dedicar a esta actividade. Barállase a posibilidade de convidar á fiscalía de menores de Ourense ou aos Puntos de información xuvenil do Concello.

A Presidenta engade ao anteriormente exposto que estas Xornadas se farán co financiamento do Concello de Vigo a través da Concellería de Educación.

Pedro Vázquez comunica que se intentará ter todo o soporte documental impreso na primeira quincena de marzo. A partir de aí comezarse o proceso de divulgación e solicítalle a tódolos membros a colaboración na difusión desta actividade así como no seu desenvolvemento.

Informe da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa

Tereixa Otero, Presidenta da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa, dá conta do informe desta comisión:

INFORME DA COMISIÓN DE EQUIPAMENTOS E PLANIFICACIÓN EDUCATIVA

Na xuntanza da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa, celebrada o pasado día 19 de xaneiro de 2012, recolleemos a información desenvolvida, no que vai de curso, nos catro eixos establecidos no noso plan de traballo, que pasamos a expor:

Mapa escolar

Extraoficialmente coñecemos o documento borrador da nova zonificación escolar de Vigo, feita por unha comisión do corpo de inspección de Vigo. Debido á irregularidade coa que nos chega esta información e á falta de información sobre os criterios empregados pola Administración, á hora de tomar as decisións sobre este tema, acordamos presentar unha proposta de resolución para o vindeiro Pleno do CEMV, que recolla as demandas que esta Comisión leva presentado, para a elaboración do novo mapa escolar da cidade de Vigo.

Entre as demandas desta comisión recolleemos as seguintes:

1. Ter un estudo elaborado por unha institución independente, tal e como solicitamos o curso pasado e reiteramos no primeiro Pleno do curso presente, á Universidade de Vigo.
2. Cumprir cun proceso democrático e ser presentado en tempo e forma, aos organismos competentes, para que sexa posible que conte coa análise, achegas e o consenso do CEMV, por ser este órgano o que recolle á totalidade das partes, da comunidade educativa, da cidade de Vigo.
3. Partir dun argumentario explicativo que recolla todas as situacións que un proxecto desta categoría demanda. De feito, na xustificación deste proxecto fálase de que as iniciativas de zonificación partirán do CEMV, como órgano representativo de todas as organizacións da comunidade educativa, cousa que non é certa.

Comedores escolares

Foanpas informa a esta comisión de que a situación actual dos comedores é a que segue:

- CEIP San Salvador: reformado
- CEIP Pintor Laxeiro: reformado ou a piques
- CEIP Balaídos: reformado
- CEIP Canicouba: reformado

Segue a preocuparnos moito o comedor da EEI Monte da Guía, teñen dobre quenda de Educación Infantil e comen pouco máis que nun andar, porque as instalacións son moi inadecuadas. A Comisión de Equipamentos desexa coñecer a situación na que se atopa a tramitación do inicio da construción do novo comedor do CEIP Illas Cíes.

INFORME DE FOANPAS SOBRE A XUNTANZA CO SECRETARIO XERAL DA CONSELLERÍA

Na xuntanza mantida acordouse que a Xunta non acollerá aos comedores escolares pero proporá ao Concello un convenio de colaboración para que sexa a Administración local que asuma a responsabilidade de xestión, modelo de convenio que xa teñen proposto e aceptado en outras cidades da provincia de A Coruña.

Nestes intres temos pendente unha xuntanza co Servizo Municipal de Educación do Concello para darlle saída a unha mesa de traballo de cara a asunción dos comedores.

Chegaronnos noticias non confirmadas oficialmente de que vai saír un novo Decreto de comedores que pode variar moito a actual situación. Seguiremos recabando información para facernos unha idea e poder contrastala.

Instalacións deportivas

Esta Comisión é coñecedora da Ordenanza de deportes do 2010, que permite o convenio para o presente curso escolar, entre o Concello e o IES San Tomé, IES Santa Irene e CEIP Altamar. Tamén de que existe un convenio similar cos centros da zona de Teis para uso da piscina municipal. Polo tanto, acordamos, facer unha proposta de resolución preguntando si estes convenios son extensibles a toda a comunidade educativa da cidade de Vigo. Quédanos pendente coñecer en que punto se atopa a utilización dos espazos deportivos en Balaídos.

Mantemento e infraestruturas

O Concello de Vigo fainos entrega dunha copia da "Guía Técnica de Mantemento para os Centros Escolares Públicos", realizada en novembro de 2009 pola Unidade Técnica de Educación do Concello de Vigo.

Olga, da Asociación de directores/as de colexios públicos de Vigo presenta informe onde se recollen as necesidades que detectan os propios Centros Educativos nas súas instalacións. (achegamos documento ao final).

Asemade, presentamos unha proposta instando á Consellería a que analice as instalacións dos centros concertados e presente un informe a este Consello explicando o estado no que se atopan estas .

VARIOS

Facer pregunta sobre as escolas municipais infantís que saen continuamente en prensa pero que continúan pechadas. Acordamos levar este punto como proposta de información no apartado de infraestruturas.

Error! Marcador no definido.

ASOCIACIÓN DE DIRECTORES/AS DE COLEXIOS PÚBLICOS DE VIGO	
NECESIDADES DOS CENTROS EDUCATIVOS ASOCIADOS	
CENTRO ESCOLAR	CEIP OTERO PEDRAYO
NECESIDADES PRIORITARIAS DE MANTEMENTO DO CENTRO	
<ol style="list-style-type: none"> 1.Reparación do patio de Educación Infantil, pista polideportiva e xardíns. 2.Pintado fachada e aulas, reparación das fendas que afectan ao ximnasio e aos corredores do colexio. 3.Alicatado dos azulexos de corredores e aulas. 	
CENTRO ESCOLAR	CEIP A. R. CASTELAO
NECESIDADES PRIORITARIAS DE MANTEMENTO DO CENTRO	
<ol style="list-style-type: none"> 1.Cobertura para o patio. 2.Peche perimetral do colexio, reforzar e ampliar. 3.Total renovación das conducións da auga. 	
CENTRO ESCOLAR	CEIP PÁRROCO DON CAMILO
NECESIDADES PRIORITARIAS DE MANTEMENTO DO CENTRO	
<ol style="list-style-type: none"> 1.Cambio da carpintería de aluminio no Ximnasio e Biblioteca e poñer persianas que non teñen. 2.Por novos acumuladores no Ximnasio. 3.Cambiar as persianas posto que se rompen continuamente por unhas de aluminio. 4.Colocación de valla de seguridade no patio de atrás (na parte de atrás da antiga casa do conserxe) por ter un desnivel de máis de 50 cm. 5.Habilitar a antiga casa do conserxe para comedor, almacén e oficina de conserxería. 6.Cambiar as cubertas que son de uralita. 7.Poñer un sistema de drenaxe para o patio de atrás e ubicar o patio de infantil no mesmo. 8.Reorganizar o espazo dos aseos da planta de entrada (minusválidos, mestres e infantil), para facer máis grandes os baños de infantil, debido ao aumento de alumnado que temos. 	
CENTRO ESCOLAR	CEIP VALLE INCLÁN
NECESIDADES PRIORITARIAS DE MANTEMENTO DO CENTRO	
<ol style="list-style-type: none"> 1.Derribo do edificio de vivendas anexo ao colexio. 2.Reformas nos baños. 	
CENTRO ESCOLAR	CEIP SÁRDOMA MOLEDO
NECESIDADES PRIORITARIAS DE MANTEMENTO DO CENTRO	
<ol style="list-style-type: none"> 1.Arranxo do canelón do pavillón de deportes por rotura produce goteiras no comedor escolar e o pavillón se encharca. 	
CENTRO ESCOLAR	CEIP FRIÁN TEIS

NECESIDADES PRIORITARIAS DE MANTEMENTO DO CENTRO	
<ol style="list-style-type: none"> 1.Cubrir a subida e baixada dende o patio cuberto ata a porta do cole. 2.Pechamento dunhas das pistas para facer un ximnasio. 	
CENTRO ESCOLAR	CEIP IGREXA CANDEÁN
NECESIDADES PRIORITARIAS DE MANTEMENTO DO CENTRO	
<ol style="list-style-type: none"> 1.Preparación do solo do comedor, pista e zona de acceso ao colexio por problemas de deslizamento. 2.Necesidade de barandillas. 	
CENTRO ESCOLAR	CEIP COUTADA BEADE
NECESIDADES PRIORITARIAS DE MANTEMENTO DO CENTRO	
<ol style="list-style-type: none"> 1.Substitucións de pavimentos e sanitarios dos baños do edificio principal. 2.Cambio da carpintería exterior, pavimentos e sanitarios do aula de educación infantil. 3.Mellorar o pavimento de accesibilidade ás aulas. 	
CENTRO ESCOLAR	CEIP POMBAL
NECESIDADES PRIORITARIAS DE MANTEMENTO DO CENTRO	
<ol style="list-style-type: none"> 1.Colocación das tellas do edificio vello. 2.Arranxo da alameda da pista polideportivo. 3.Arranxo dos patios. 	
CENTRO ESCOLAR	CEIP O SELLO
NECESIDADES PRIORITARIAS DE MANTEMENTO DO CENTRO	
<ol style="list-style-type: none"> 1.Arranxo do patio. 2.Arranxo ventás e persianas. 3.Pintado do muro. 	
CENTRO ESCOLAR	EI MONTE DA GUIA
NECESIDADES PRIORITARIAS DE MANTEMENTO DO CENTRO	
<ol style="list-style-type: none"> 1.Necesidade dun novo comedor. 	
CENTRO ESCOLAR	CEIP ALTAMAR
NECESIDADES PRIORITARIAS DE MANTEMENTO DO CENTRO	
<ol style="list-style-type: none"> 1.Necesidade dun novo colexio. 2.Necesidade de porteiro vixiante. 	
CENTRO ESCOLAR	EI MONTE DO ALBA
NECESIDADES PRIORITARIAS DE MANTEMENTO DO CENTRO	
<ol style="list-style-type: none"> 1.Necesidade de cambiar os teitos completos e os puntos de luz. 2.Arranxo baños. 3.Arranxo alameda que rodea o patio. 	
CENTRO ESCOLAR	CEIP SOBREIRA VALADARES
NECESIDADES PRIORITARIAS DE MANTEMENTO DO CENTRO	
<ol style="list-style-type: none"> 1.Realización dun pequeno baño no patio de educación infantil. 2.Realizar unha cuberta na entrada do colexio. 3.Reparación xeral do tellado. 4.Reposición das ventás e falsos teitos. 5.Reparación da carpintería do centro para evitar perda de calor. 6.Revisión da fontanería e grifería de todo o edificio. 7.Reparación do cadro exterior da acometida de electricidade. 8.Reparación das pistas e espazos de xogo. 	
CENTRO ESCOLAR	CEIP ESCULTOR ACUNA
NECESIDADES PRIORITARIAS DE MANTEMENTO DO CENTRO	
<ol style="list-style-type: none"> 4.Revisión tellado e canalóns. 5.Substitución alumeado exterior. 6.Colocación de sinais (timbres, sinais luminosas e visuais). 	
CENTRO ESCOLAR	CEP SANTA TEGRA
NECESIDADES PRIORITARIAS DE MANTEMENTO DO CENTRO	
<ol style="list-style-type: none"> 1.Cambio de tubaxes e arranxo do problema da auga. 2.Renovación dos baños do ximnasio e os exteriores do patio. 3.Botarlle un firme novo ao patio, pois ten gretas e xa está moi áspero. 4.Renovar a tea de arame do peche do patio pola parte de atrás. 5.Cambiarlle o chan ao edificio administrativo, pois ten baldosas soltas e andamos encima da humidade. 	
CENTRO ESCOLAR	CEIP CANIVOVA
NECESIDADES PRIORITARIAS DE MANTEMENTO DO CENTRO	
<ol style="list-style-type: none"> 1.Arranxo da porta de entrada con porteiro e ampliación do valado de arame na parte frontal, pintado xeral de aulas. 2.Cuberta do tellado e ventanais. 	
CENTRO ESCOLAR	CEIP CARBALLAL CABRAL
NECESIDADES PRIORITARIAS DE MANTEMENTO DO CENTRO	
<ol style="list-style-type: none"> 1.Reparación dos tellados, baños, pista deportiva, ventás. 2.Reparacións das distintas aulas do centro e do ximnasio. 3.Cambio de ubicación da sala de profesores e da administración. 	
CENTRO ESCOLAR	EI VILA LAURA

NECESIDADES PRIORITARIAS DE MANTEMENTO DO CENTRO
1.Pintar o edificio por dentro e por fóra. 2.Cambiar baños do aulario. 3.Arranxar muros agretados. 4.Xogos para o patio.

Unha vez presentado o informe, Bertila Fernández explica con máis detalle todo o referente ao encontro que FOANPAS mantivo co Secretario Xeral para solicitar que a Consellería de Educación asumira a xestión de comedores escolares. Explica que a resposta que lle deron foi que é imposible que isto se produza. Tampouco lle deron expectativas de que nun futuro se poida levar a cabo. Desde a Xunta convidáronos a que fixeran un convenio de colaboración co Concello igual que se fixo en cidades como Ferrol. Foanpas reuniuse co Concello de Vigo para explicarlle o resultado desta entrevista e Bertila explica que neste momento están pendentes de comezar a traballar neste tema.

A Concelleira explica que xa se reuniron varias veces con Bertila e como entenden perfectamente a problemática do asunto, que xa lle mostraron o total apoio e colaboración. A Xunta non se vai facer cargo da xestión dos comedores e aínda que lles faláron a Foanpas de posibles convenios, ao Concello non se lle transmitiu ningunha posibilidade de convenio nin de chegar a acordos. Así e todo, a Concelleira explica que actualmente se está a traballar con Foanpas para chegar a un punto de encontro. Comenta que xa levan traballando moitos anos coa Federación e aproveita para mostrarlles o agradecemento xa que considera que están a facer unha labor que vai máis alá do que é darlle de comer aos rapaces, están sacando adiante a moitos nenos. A Presidenta lembra que non só se trata do que comen, dos menús adaptados segundo as necesidades,...;a súa labor vai máis alá. Os nenos aprenden cousas tan importantes como hábitos saudables, lavar as mans antes de comer, recoller o seu prato cando rematan,... É por todo isto que están moi agradecidos, e polo que tal como dicía Bertila están a traballar para buscar a mellor forma de levar a cabo esa xestión, intentando asumir esa parte de responsabilidade tan grande que ten Foanpas.

Bertila continúa dicindo que a existencia dos comedores é grazas ao Concello, que fixo unha aposta valente e firme, e que non se pode deixar agora. A responsabilidade da Xunta sería xestionalos, e garantir que todos os nenos teñan os mesmos dereitos. Pero en vista de que isto non vai ser así, o Concello e Foanpas seguirán traballando nisto.

Gonzalo Fernández, como representante da Administración Educativa, solicita a palabra para facer unha aclaración con respecto ao documento borrador da nova zonificación escolar de Vigo. Explica que efectivamente houbo un grupo de traballo na Inspección Educativa que rematou un documento no mes de decembro e que llo trasladou á Xefatura Territorial. Cando chegue o momento, ese documento será enviado ao Consello escolar Municipal para o seu estudo e para que fagan achegas e suxestións. Ao parecer hai un borrador que lle enviou o Inspector Xefe á Asociación de directores, que é un documento, aclara, un pouco incompleto.

Cando este documento chegue oficialmente ao CEMV, remitido pola Xefatura Territorial, virá con máis contido.

Tendo en conta que o tema exposto polo representante da Administración Educativa ten relación directa coa proposta que trae ao Pleno a Comisión de Equipamentos, a Presidenta pasa ao seguinte punto para que se prosiga co debate tras a lectura da proposta.

4.- Propostas e Mocións.

- **Proposta sobre a elaboración do mapa escolar da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa**

ANTECEDENTES

Na xuntanza da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa, celebrada o pasado día 19 de xaneiro de 2012, coñecemos de forma extraoficial o documento borrador da nova zonificación escolar de Vigo, feita por unha comisión do Corpo da Inspección Educativa de zona de Vigo.

Debido á irregularidade coa que nos chega este documento e á falta de información sobre os criterios empregados pola Administración, á hora de tomar as decisións sobre este tema, acordamos presentar a seguinte proposta no próximo Pleno do CEMV, xa que consideramos imprescindible que o novo mapa escolar recolla as propostas e demandas que esta Comisión leva presentado para a súa elaboración.

TEXTO

Transmitimos á Consellería a necesidade de elaboración dun mapa escolar que recolla as seguintes propostas e demandas da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa:

1- Contar cun estudo elaborado por unha institución independente, tal e como solicitamos o curso pasado e reiteramos no primeiro Pleno do curso presente, á Universidade de Vigo.

2- Cumprir cun proceso democrático e ser presentado en tempo e forma, aos organismos competentes, para que sexa posible que conte coa análise, achegas e o consenso do CEMV, por ser este órgano o que recolle á totalidade das partes, da comunidade educativa, da cidade de Vigo.

3- Partir dun argumentario explicativo que recolla todas as situacións que un proxecto desta categoría demanda. De feito, na xustificación deste proxecto borrador fálese de que as iniciativas de zonificación partirán do CEMV, como órgano representativo de todas as organizacións da comunidade educativa, cousa que non é certa.

Tras a exposición da proposta, a Presidenta comenta que cando chegou o borrador, aparte do tema da zonificación, do cambio na adscrición dos centros, nel aparecía tamén a transformación do CPI Celso Emilio Ferreiro en CEP. A seguintes comunicacións que tiveron no Concello foi que o tema do Celso Emilio se desagregaba do da zonificación. Explica que de feito, aínda que no Concello non ten coñecemento oficial do borrador si a recibiron do cambio do CPI Celso Emilio. Así é todo moitos centros fixéronlle chegar documentos onde mostraban o seu desacordo con este borrador. Existen moitas discrepancias por parte dos centros e por iso lle gustaría que se tratase aquí este tema.

Gonzalo Fernández insiste en que ese borrador chegou por vía irregular. Evidentemente o CEMV é un órgano de consulta en todo tipo de cuestións que afecten ao ámbito educativo e a zonificación escolar é unha desas cuestións sobre as que se ten que pronunciar. O borrador tal e como xa dixo anteriormente, foi enviado á xefatura territorial e cando alí o estimen oportuno enviaranllo a este órgano para que este faga as achegas de mellora que estime oportunas. Por outra banda, a cuestión de que sexa alguén da Universidade quen faga o estudo non o ve nada

claro, xa que non considera que na Universidade haxa un coñecemento profundo da situación escolar no Concello de Vigo.

Gonzalo Fernández conclúe afirmando que cando chegue o momento teranse en conta todas as alegacións que se fagan a través deste órgano, e aclara que evidentemente, esta zonificación non vai entrar en vigor no curso que ven. Explica que efectivamente, no documento que se fixo de zonificación ía contemplada a conversión do CPI Celso Emilio en CEP. Isto débese as necesidades de escolarización que hai naquela zona e tendo en conta que o alumnado da ESO ten cabida no Instituto que está ao lado. É por isto que a Xefatura Territorial tomou a decisión de facer este cambio que levou xa a cabo.

Santiago Rodríguez comeza a súa intervención lembrando que unha zonificación é algo máis limitado que o que se solicita desde este Consello, que é facer un mapa escolar. Este debería partir da realidade demográfica, do estudo da existencia de prazas, vendo espazos que hai de uso escolar e que están inutilizados, analizando os recursos que hai, tendo en conta se os centros están saturados ou non,... e dicir, dun estudio profundo da realidade. Por isto, é moi conveniente antes de facer cambios que afectan a moitísimos aspectos das comunidades escolares, partir da realidade existente. Santiago pensa que este documento borrador para nada parte da realidade senón que parte da cabeza da Consellería, porque se se limitase á zonificación pero partindo da realidade, debería coller o que hai e zonificalo pero non cambiar a estrutura de centros como é o caso. Ademais continúa mostrando o seu descontento porque chega á comunidade escolar a través dunhas canles que non son as correctas. Gonzalo Fernández contesta a isto último dicindo que se non chega polas vías establecidas é precisamente porque non é un documento oficial, senón un borrador, e que cando a xefatura o estime oportuno se lle fará chegar ao Consello polas canles oficiais.

Olga Alonso comeza a súa intervención facendo referencia a anteriores xuntanzas deste órgano onde xa quedou de manifesto que o que se solicitaba era algo que ía máis alá dunha zonificación. Olga pensa que Vigo como cidade educadora que tería que ser, se merece algo máis; merece que se faga un verdadeiro mapa escolar que contemple o futuro, que teña en conta o crecemento demográfico, o transporte escolar e todos os servizos restantes demandados pola comunidade. Ela comenta que desde o CEMV xa se deixou constancia de que este proxecto facía falta. Cre ademais que estamos nun momento no que mais que nunca hai que pensar con criterios educativos e non economicistas, e hai que esquecerse de *tanto eliminar* cando a educación pública ten a obriga de sacar adiante un número de poboación importante. Opina que a educación non debería verse afectada polos cambios de poder no goberno.

En canto ao procedemento, Ola apunta que é imprescindible que os procesos democráticos se cumbran. Se ben é certo que os inspectores educativos coñecen ben a realidade, hai que dicir

que hai toda unha comunidade educativa que non é que só coñeza a realidade, senón que a vive, polo que poden facer achegas moi válidas.

Asemade pensa que cando se toman determinadas situacións é obrigado pensar nas consecuencias. Fai pouco tomouse unha decisión con respecto ao Manuel Antonio e a día de hoxe segue sen estar resolta. Foi unha situación que creou moitas preocupacións a pais, a alumnos e a docentes. Agora estase a vivir un caso similar, o do Celso Emilio Ferreiro, e alegan que non ten sentido ter no centro de Vigo un CPI, cousa inexplicable cando hai moitísimos centros concertados que teñen desde educación infantil ata bacharelato no centro da cidade. Cando se fan as cousas hai que argumentalas mellor. Para finalizar Olga fai referencia a unha frase do Xefe Territorial que dixo que *hai que optimizar recursos personais*, o cal a ela lle soa totalmente a supresión de docentes. Pensa que o tema vai por aí.

Gonzalo Fernández apunta que o mapa escolar en realidade xa está feito, do que se trata con esta zonificación e de racionalizar os recursos existentes.

Intervén agora Antonio Madrid, e comenta que xa no último Pleno se falou de que había un grupo da Inspección que estaba facendo un estudo sobre zonificación. Comenta que, polo menos desde CCOO, o que plantexaron foi que o máis importante á hora de facer un mapa escolar non é quen o faga, senón os criterios cos que se faga. Antes de facer o mapa cree que se debería chegar ao consenso nos criterios e a ese consenso deberían ter chegado todas as partes implicadas aquí en Vigo. Considera que non vale de nada que traian agora un borrador ou un estudo xa feito para que o vexan e lle poñan parches, se os criterios xa non os van poder cambiar. Se encima, aínda que el non viu o borrador, pero polo que comentan os compañeiros, este ven sen criterios, o que sairá do estudo é o que lle conveña á Consellería, un mapa que vai estar coxo. E con respecto ao cambio do Celso Emilio Ferreiro, está claro que na Consellería o poden considerar racionalizar, e coa escusa de que está masificado, masifican o do lado, suprimen algún grupo e con todo isto suprimen un bo número de profesores.

Iago Fernández intervén solicitando en primeiro lugar maior sensibilidade e pulcritude nos procesos de información. Aínda que sexa un borrador, non foi correcto como se filtrou á comunidade escolar, causando moita desinformación, moito malestar entre as familias que non entendían eses cambios sen criterio aparente. Apunta ademais, que desde Foanpas enviaron un escrito solicitando o documento para ter constancia e poder valorar eses cambios de zona e nin sequera recibiron resposta polo Xefe Territorial.

Asemade solicita que exista unha maior reflexión e se sigan uns criterios razoables para facer un cambio de zonificación. Apunta o exemplo da parroquia de Cabral, na que a tres centros de educación infantil e primaria, Carballal Cabral, Igrexa Candean e Santa Mariña, se lles cambia o centro adscrito a secundaria. Así, do Carlos Casares pasan ao Ricardo Mella e aínda que a distancia é moi pouca, non máis dun quilómetro de diferenza, cambian aos nenos de parroquia, rompendo grupos psicosociais e cambiando o traballo de vinte anos de colaboración educativa

entre os centros de primaria e secundaria, e sen darse conta na Inspección Educativa que o IES Carlos Casares foi construído polos terreos cedidos pola comunidade de montes de Cabral para cubrir a demanda educativa da zona.

En terceiro lugar, tal e como apunta o representante da administración, o proceso está en marcha, e Iago Fonseca manifesta a súa petición de que non se aproveite a época estival para solicitar propostas deste órgano. Que non se fagan as cousas cando non haxa tempo para a reacción.

Francisco Piñeiro intervén dicindo en primeiro lugar que a Universidade lle parece un organismo máis que competente para colaborar na elaboración dun mapa escolar. Comenta ademais que o tema deste borrador a el lle sona a algo que moitas veces fai a administración que é lanzar globos sonda, a ver como respira a comunidade educativa. Facer este tipo de cousas sen ter en conta a esta comunidade trae como consecuencia cousas como o que está a pasar co Celso Emilio Ferreiro, que para el está moi claro que é produto da falta de previsión da Consellería xa que hai unha parroquia ao lado que é Navia que está medrando a un ritmo acelerado, e a administración o único que se lle ocorre e facer un cambio de alumnos no Celso Emilio. A ampliación do colexio de Navia ou o construír un centro nos terreos de uso educativo que hai en Navia nin se lle pasa pola cabeza. Isto supón facer unha inversión e a Consellería parece que non está pola labor, parece que máis ben está a facer parches.

Isabel López, posto que é nova no CEMV, pregunta de onde partiu a necesidade de que se fixera unha zonificación. Tereixa Otero respóndelle que unha zonificación non, pero a idea de facer un mapa escolar partiu deste órgano. Isabel entende que se se lles solicitou desde aquí é porque a propia comunidade era consciente de que había moitas necesidades e deficiencias que era necesario subsanar. E isto non se pode facer á presa, é preciso facer un estudo en profundidade previo. E continúa dicindo que precisamente non entende a presa que se está a dar a administración, que o defendan con tanto interese e que ademais non escoiten ao Consello Escolar Municipal, órgano que é o que plantexou a necesidade. Do mesmo xeito chámalle á atención que a algúns centros lle chegue da man de representantes da Xunta este borrador mentres que a este órgano non se lle envía. Por outra banda sorpréndelle que a única solución que lle dan ao importante crecemento poboacional de Navia sexa que os rapaces se despracen cruzando dúas zonas moi perigosas e vaian ao Celso Emilio Ferreiro e ao mesmo tempo que teñan a un profesorado en ascuas sen saber o que lles vai a pasar. Por isto solicita que se deixan de facer parches sobre parches e se fagan as cousas ben.

Xan Centrón intervén dicindo que para el, en todo o que se refire á educación, un tema fundamental é a confianza, e a Xunta está xerando xustamente o contrario, a desconfianza cara a rede pública. Porque se un é pai dun alumno do Manuel Antonio ou do Celso Emilio e se lle nega o que di a lei, que un alumno cando se matricula nun centro e alumno ata que el decide deixar de selo, créaselle unha inseguridade. Así quen lle pode dar esa seguridade é a

rede do ensino concertado. A xunta nunca vai dicirlle a ninguén que non meta aos rapaces no ensino público, pero si vai facendo cousas que fan que os pais prefiran levalos á concertada. Así por exemplo, fai anos non se transportaban os nenos de 0-3 anos, consecuentemente estes nenos matriculábanse en centros privados. E cando empezaban nestes centros, logo xa querían continuar alí porque tiñan os seus amigos,... Agora co do Manuel Antonio e o Celso Emilio pasa o mesmo, vaise degradando a rede pública. Aproveita para facerlle un rogo Gonzalo Fernández. Solicita, ante da inxenuidade que hai en relación ao documento borrador, que lle transmita ao Xefe Territorial que mande un escrito que diga que están a elaborar un documento e que se nos pasará co tempo suficiente para facer achegas.

Cipriano Luis Jiménez, con respecto ao que se está a falar, comenta que existen mapas escolares noutras cidades Europeas, que están moi estudados, cuns criterios moi razoables, polo tanto non hai que pensar que sexa algo difícilísimo de facer. O que é difícil é que unha cidade coma esta, leve unha serie de procesos que son diverxentes, é dicir, créase un grupo de poboación de vinte ou trinta mil habitantes e non se pensa que alí ten que haber unha serie de servizos entre os que están os centros educativos. Os criterios que se deben aplicar deben ser de sentido común.

Unha vez que os asistentes fixeron as súas intervencións, a Presidenta explica que no regulamento do CEMV queda claro que este órgano ten que ser consultado preceptivamente para establecer “localizacións dos centros docentes dentro da demarcación municipal” e para “calquera outro asunto de importancia para a vida escolar do Concello”. Así pois debe ser consultado para facer esta zonificación pero tamén tiña que ser consultado cando se fixo o cambio no Manuel Antonio.

A Presidenta pregunta, posto que o caso do Celso Emilio Ferreiro, se desvincula do tema do borrador, se a Comisión de Equipamentos quere facer algunha modificación na proposta solicitando que non desapareza este centro como centro integrado.

Santiago Rodríguez opina que é mellor manter esa moción tal e como está, e facer un documento independente mostrando a desconformidade co que está a pasar co Celso Emilio Ferreiro.

Procédese entón a facer a votación da moción da Comisión de Equipamentos.

Acordos adoptados

Apróbase a proposta da Comisión de Equipamentos para ser remitida á Consellería de Educación co seguinte resultado:

17 votos a favor, 1 en contra,

6. Rogos e preguntas.

A Concelleira plantexa que na medida en que o Consello Escolar Municipal tal e como se recolle no seu regulamento é un órgano de consulta preceptivo para a localización de centros docentes ou para calquera outro asunto de importancia para a vida escolar e ademais é un órgano que ten que velar e fomentar o respecto pola liberdade, a convivencia e a igualdade, propón facer un documento para remitir á Xunta tanto para demandar información de cuestións coma o estado de comedores escolares e escolas infantís, como para solicitar que non suban as taxas na educación infantil, que elaboren un mapa escolar en condicións ou para demandar que o Celso Emilio continúe como centro integrado.

Manuel Rodríguez solicita que tamén se inclúa neste documento a petición de que se elabore o mapa da FP. Considera que o que pasou co Manuel Antonio e probable que se volva a repetir e argumenta que nunhas xornadas da Asociación de directores ás que asistiu o Director Xeral de Educación, se lle preguntou se estaba pechado o mapa de centros integrados en Galicia e el dixo que non. Pensa que en Vigo se van dar máis casos porque é unha maneira de aforrar cartos é que o profesor sexa movido. Foi o que pasou no Manuel Antonio onde se eliminou a secundaria e bacharelato e os docentes se trasladaron a outros centros. Así as prazas non saíron porque había que darlle saída aos docentes que quedaron sen o seu posto de traballo. Pensan que se van dar máis casos coma estes. É por isto que se lle debería pedir á Consellería que dixera que é o que se vai facer coa FP no Concello de Vigo.

Xesús Rodríguez non se quedaría só en que vai pasar coa FP, hai unha serie de centros que sofren modificacións, o Manuel Antonio, o Celso Emilio Ferreiro, e este Consello debería sabelo con antelación para poder opinar e dar a súa visión, aínda que só sexa un órgano consultivo, e se deixe de facer política de feitos consumados.

Gonzalo fernández intervén para dicir que na orde do día non estaba previsto falar deste tema, e para que se poida tratar debe ser acordado por unanimidade. Asemade considera que non é procedente que se debata e elabore unha moción para votar se non estaba na orde do día.

Pedro Vázquez comenta que si é certo que por cuestións procedimentais non se pode elaborar unha proposta de moción agora e teríase que incluír na orde do día do próximo Pleno. Normalmente todas as propostas e mocións, explica, teñen que pasar pola Comisión Permanente. De tódolos xeitos o que si pode facer a Concelleira como representante da educación do concello e como Presidenta do Consello Escolar Municipal é trasladar á Consellería de Educación solicitude de información así como a súa desconformidade cos temas que se trataron. Neste caso a Presidenta o que está a solicitar é respaldo para levar a cabo esta iniciativa. A Concelleira conclúes dicindo que elaborará un documento que remitirá á Consellería.

José F. Rodríguez por parte de SURGAPA ten un rogo con respecto ás novas bases que se están a elaborar sobre o **Pilivigo** para que se modifiquen. Solicita ler a carta que lle enviou o valedor do pobo na que se di o que segue: "Desafortunadamente o Concello de Vigo persiste na súa actitude de non dar resposta á suxestión que lle formulamos no seu momento trala acción actual (as bases do Pilivigo). Ante iso, pola nosa banda vímonos obrigados a recordar de novo ao citado Concello, o establecido no artigo 26 da Lei do valedor do pobo que di que todos os poderes públicos de Galicia están obrigados a prestar o auxilio e a colaboración que lles sexan demandados por este órgano nas súas investigacións e actuacións."

Raquel Díaz aclara que si se lle respondeu ao valedor, e que probablemente lles estea a piques de chegar.

Pedro comenta que contra as bases deste programa, Surgapa interpuxo un recurso de reposición que se está tramitando no Tribunal Superior de Xustiza. José F. Rodríguez apunta que se fixo así porque o Concello de Vigo foi o único concello que fixo unha discriminación tanto por temas económicos como por razón de centro escolar. E como a xustiza vai moi lenta, fai este rogo aquí esperando que o Concello chegue a facer a modificación que solicitan no tema das rendas e da puntuación escolar.

Raquel Díaz aclara que o Concello de Vigo é o Concello que máis bolsas de inglés dá en toda España. A xunta dá para toda Galicia 80 e non subvencionan toda a estancia, o que máis paga ten que aportar 1400€ e o que menos en torno a 400€. Comenta tamén que no Concello están ofrecendo un programa de inmersión lingüística real, moito mellor que o da Xunta. Tódolos anos se foron aumentando as bolsas e o ano pasado contemplouse que tamén acudiran os centros concertados. O que pasou foi que ao ofertar tan poucas prazas a Xunta, o Concello atopouse cunha demanda duns 600 rapaces só de centros de Vigo. Como nas bases estaba que primeiro de todos entraran os alumnos do ensino público, porque si é posible que o Concello poida promover a educación pública sobre a privada, entraron primeiro os alumnos da pública. Como a demanda foi tan grande, ocuparon todas as prazas os alumnos da pública cando en principio estaba previsto que entraran tamén os de centros concertados nunha proporción de 40/60. Unha vez que o Concello foi consciente desta situación, decidiuse ampliar o número de prazas para que 150 nenos da escola concertada de Vigo foran gratis a Inglaterra.

Explica que se ata o de agora só se ten en conta a nota é pola sinxela razón de que entenden que o neno que se esforza non ten porque sufrir as consecuencias de que seus pais teñan maior ou menor renda. As bolsas da Xunta danse cuns criterios dubidosos, porque se miran as notas e a renda, e ás veces entran nenos con moita pero nota que outros, o cal tampouco é xusto para o rapaz.

A vontade do Concello é total, se puidera mandarían a todos os alumnos de Vigo pero por cuestións económicas non se pode. Por todo isto acéptanse as suxestións e demandas na elaboración das novas bases. Así e todo comenta que persoalmente lle doe escoitar que se

critique ao Concello de Vigo cando o ano pasado se fixo un esforzo de un millón de euros, e non entende porque á Xunta non se lle reclama que só saquen 80 prazas e algunhas destas pagando 1500 €.

Pedro Vázquez lembra que o programa comezou fai 5 anos cunha experiencia piloto de 100 rapaces e que o ano pasado foi a 4ª edición e se ofertaron 440 prazas. Tamén hai que ter en conta que isto non é unha competencia obrigatoria da administración local, e que unha aposta do actual equipo de goberno. Comenta ademais que a valoración está a ser moi positiva entre a cidadanía. Os centros concertados levan dous anos disfrutando destas bolsas e ano pasado beneficiáronse delas uns 190 nenos. Asemade, todas as prazas que convocou a Consellería de educación de inmersión lingüística, con excepción do bacharelato, eran en Galicia. Unha especie de campamentos de inglés no período de verán. Isto produce un efecto búmerang sobre a iniciativa didáctica gratuíta que ofrece o Concello, creando unha demanda desorbitada. Estase a primar o esforzo académico porque se pensou que este tiña que ser o criterio. Agora estanse definindo as bases para o 2012 e verase cales son os criterios e baremos que se van a utilizar.

José F. Rodríguez comenta que con respecto ao da Xunta que eles xa lle mostraron o seu desacordo. Para rematar, gustaríalle transmitir ao señor alcalde, que se ampliou as 150 prazas para a concertada, foi unha vez que soubo que se ía facer unha asemblea informativa por parte de Surgapa, cando faltaban 5 días para as eleccións municipais. Comenta que este fixo unhas declaracións pouco apropiadas sobre a súa persoa, que estaba facendo campaña para o PP. Recalca que el é pai de Surgapa e se fai campaña e a de Surgapa. O que lle pide aos partidos políticos é que estean á altura das circunstancias. Cando fan a suxestión de que se vexa a renda é porque saben que hai casos na pública onde fillos de médicos, por exemplo do García Barbón, xa se beneficiaron da bolsa dous anos tendo unha puntuación de 6, e nenos de 8 e de 7 puntos de concertados que so de familias en situación de exclusión social, que non pagan o centro, quedaron fora. Propón que os pais paguen unha porcentaxe atendendo a uns baremos na renda. Con isto incrementaríanse os ingresos e poderían incluso ampliar as prazas. Por iso se levou ao Tribunal Superior de Xustiza para que fallen a favor e se cree xurisprudencia. Nin os profesores nin os alumnos deben ser discriminados por pertencer a un centro ou a outro.

Raquel conclúe este tema recalcando que para a concertada xa estaban previstas prazas o ano pasado, pero sucedeu algo concreto que fixo que todas as prazas foran ocupadas pola pública, pero pode confirmar, porque ela estaba presente que no momento que o Alcalde se enterou que non entraba ningunha concertada foi cando se decidiu ampliar, con independencia da data das eleccións. Non tivo nada que ver con motivos electorais porque xa estaba previsto nas bases en orixe. É fíxose unha labor administrativa increíble xa que en dous meses houbo que solucionar todo, buscar voos, buscar centros,...

Antonio Madrid Intervén para facer dous rogos. O primeiro é que no punto de rogos e preguntas non se entre en debates xa que se poden pasar polas comisións e ser máis áxil o Pleno. O segundo fai referencia á **representatividade do sector docente no Consello**. Segundo o regulamento esta varía en función da representatividade nas eleccións sindicais e fai máis dun ano que foron esta elección e non se modificou nada.

Pedro explica que o Consello Escolar constituíuse para catro anos, e aínda que agora se vai facer unha renovación parcial, será cando se faga a renovación total cando se vexa a representatividade nese momento.

Antonio Madrid pregúntalle á Presidenta en que situación están os **orxamentos** do Concello. Ela explícalle que están en proceso de consensuar e mentres tanto están prorrogados os de 2011.

Iago Fonseca, aínda que como se dixo a **programación educativa municipal** non é unha competencia obrigatoria senón máis ben unha vontade política, explica que en Foanpas están a facer unha enquisa nos centros, en colaboración coas direccións e as anpas, para ver como están afectando os recortes no ensino. Un dos datos máis salientables co que se atopan, agora que están en proceso de recollida de información, é que afecta moitísimo nas actividades complementarias. Algúns centros deixaron de facer as saídas polo custo que supón xa que antes se facían gratis en Novacaixagalicia e ademais pola falta de programa Vigopordentro. Valóranse propostas como a de Pilivigo, aínda que só se benefician escolares dunha franxa concreta como é a de 4º da ESO, pero bótanse en falta outras actividades como Vigo Activities ou as obras de teatro en inglés para nenos, os hortos escolares,... Queremos saber se a vontade política vai a seguir sendo investir un millón de euros en Pilivigo ou se vai a incrementar tamén esa parte educativa e non tan economicista de enriquecer a programación educativa municipal de Vigo.

Raquel Díaz explica que se están atendendo ás dúas cousas, de feito están vixentes programas como Arte na Escola ou Crea na aula. No caso do programa Vigo por dentro, dicir que se está a valorar porque queren plantexalo doutra forma. O de tocar e sentir tamén se está a intentar modificar.

Iago Fonseca pregunta se xa se recolleron as achegas que se dixera no anterior Pleno que se ían pedir aos directores. A Presidenta aclara que xa se recolleron e que probablemente neste mesmo curso se poida empezar a levar a cabo o programa.

Bertila fai un **rogo en nome de Foanpas** para que Gonzalo Fernández Ilo transmita **ao Xefe Territorial**. Desde Foanpas e desde o Consello a convivencia parécelles moi importante entre pais, profesores e alumnos, pero tamén consideran moi importante a convivencia coa administración, e nese punto non se senten para nada respectados. Cando desde unha dirección ou unha anpa se solicita unha entrevista porque hai teitos que están caendo ou hai nenos cunha necesidade educativa especial, a convivencia rómpese e atopámonos á

administración de costas. Por isto desde Foanpas gustaríanos convidar ao Xefe Territorial ás Xornadas de Convivencias que o CEMV está a organizar. E tamén cando desde Foanpas facemos xornadas e convidamos a un representante da administración para que se sente con nós e responda ás preguntas que temos os pais, que participe .Isto non quere dicir que as respostas positivas non se valoren e se agradezan, pero a maioría son negativas.

Gonzalo Fernández recorda que os representantes da administración nos centros son os directores. Así e todo vai transmitir esta inquedaanza.

Bertila remata preguntando se xa se puxo en contacto coas familias de **García Picher e Constancio Veiga** tal e como se acordara o ano pasado

Pedro Nozal fai un rogo en pro da convivencia e da liberdade, que procuráramos entendernos e se **cese xa o debate entre colexio público e concertado**, que non se quede na dialéctica antiga de enfrontamento e que se procure respectar opcións, liberdades e opinións duns e doutros.

Remata a sesión ás 20.10 horas, sen máis asuntos que tratar.

•

O SECRETARIO DO CEMV

Vº e Pr

A PRESIDENTA DO CEMV

Pedro Vázquez Iglesias

Raquel Díaz Vázquez